

<http://www.revistalabolsa.com>

LaBolsa: «Recipiente non ríxido e de doado transporte onde as cousas se mesturan e son levadas dun sitio para outro».

A definición do obxecto de uso axústase á do obxecto conceptual: *LaBolsa* é un proxecto/colector artístico que inclúe:

-**Dinamización** (encontros, xornadas, exposicións, presentacións etc.)

-**Comunicación e divulgación** (edición da revista-DVD)

-**Formación e intercambio** (talleres intensivos *LaBolsa*)

Que pretende *LaBolsa*?

É un recipiente que acolle, mestura, axita e transporta todo o que teña que ver coa creación experimental; unha vía alternativa e complementaria ás institucións, galerías, edicións especializadas e outros membros da engrenaxe artística contemporánea.

-*LaBolsa* (proxecto global) xorde dun modo natural a partir da edición da revista-DVD. Esta vía de comunicación dá pé a afondar e intensificar contactos entre artistas que se van materializando en iniciativas complementarias (e viceversa, todas as actividades retroalimentanse).

-*LaBolsa* é un proxecto independente e non lucrativo que busca o movemento polo movemento. Sen ter vocación de caótico cre no azar e o encontro casual. Ao igual que na arte experimental, mesturamos para ver que sae.

O proxecto xorde en 2005, no ámbito da poesía experimental extremeña e é coordinado por Koke Vega. O que nun primeiro momento non pretendía ser máis que un xogo de colaboración entre artistas foi estendéndose e crecendo a medida que se ía divulgar en eventos e librerías especializadas.

A revista, que naceu como *revista de accións* (de aí o nome de *LaBolsa*) consiste nun DVD que recolle colaboracións de autores nacionais e internacionais de variada formulación conceptual e de estilo, o único límite é a duración (máximo actual: 5 min). O seu espírito ecléctico propiciou unha evolución cada vez máis aberta a outras formas de vídeo experimental, ata recoller nos seus últimos números pezas que poden corresponder ás amplas categorías de videoacción, documento performance, videocreación e videoanimación pasando ás veces por terreos mixtos entre elas.

Esta edición física en forma de folleto+DVD é apoiada por unha edición en liña (revistalabolsa.com), que funciona como nexa e aparato xestor á hora de divulgar e organizar as diferentes convocatorias de números, talleres e eventos.

Os contactos xurdidos, a raíz da publicación en DVD e en liña, serviron de estímulo e aval para a realización de talleres e encontros apoiados por diversas institucións extremeñas, entre eles queremos destacar o Pleno extraordinario(2005) en que unha vintena de artistas da acción tomaban durante dous días o antigo hemiciclo da Asemblea de Estremadura; o Influxus I e II (2007 e 2009), encontros e talleres en que os artistas retomaban o espírito de creación *fluxus* no máxico ámbito do museo Vostell Malpartida; e o Interac I (2010), taller encontro sobre arte interactiva.

A revista, que se converteu pois nunha complicada engrenaxe enfocada á xestión cultural independente, mantén unha periodicidade variable (suxeita á materialización dos seus variados proxectos). Actualmente realiza unha edición anual, xa vai polo número 9, aínda que tamén adoita realizar edicións especiais dos talleres impartidos.

Cada número recolle un número variable de obras (de 18 a 25 artistas, dependendo da duración das pezas) coas súas breves presentacións, e o prezo de custo da edición, 10 €, é o prezo de venda ao público, dado o carácter estritamente non comercial do proxecto: «A única pretensión de enriquecernos é a través da comunicación "artista/artista", fronte á empobrecedora e hoxe tristemente dominante "artista/galerista". Sentimos que na era da comunicación o artista é, cada vez máis, unha illa. No mellor

dos casos convértese nunha mercadoría e esquece os ideais e as motivacións esenciais da realización artística. Tamén precisa de apoios para poñerse ao día no vertixinoso avance de medios e ferramentas tecnolóxicas que se suceden no mundo da creación contemporánea, e non lle vén mal coñecer os aspectos ocultos da obra e a experiencia doutros artistas que se moven nas complexas órbitas do universo da arte».

En definitiva: existe outra forma de vivir a arte?, esa é a pregunta de fondo que a revista busca responder coas súas variadas edicións e proxectos arredor da videoarte experimental, xénero que pola súa propia natureza é unha linguaxe de plena actualidade, pero que non encaixa nos salóns e ha de buscar un novo recipiente: *LaBolsa*.